



/ O que fixemos... / Actuación Santa María de Oza.

O pasado 12 de decembro tivo lugar a actuación do Coro de Tanxedoira na Igrexa de Santa María de Oza da Coruña.

Foi unha experiencia moi gratificante (para mín), cantar nunha Igrexa, e por primeira vez...

Os nervios non andaban lonxe, pero grazas a Deus (será porque estabamos na súa casa) fixo efecto o gran tazón de tila que tomara na miña casa había un anaquiño.

“Da Rosa , Rosiña”, “San José”, e “Mariñeiro” foron as pezas do Coro que xunto coa rondalla amenizou unha velada que resultou moi emotiva.

E o mellor de todo ...Os aplausos?, Non, non, para nada. O mellor foi a festa no local de ensaio, cos pinchiños, o agarimoso discurso do “Dire” e o entrañable brindis co cava. (Desexando que este éxito deste día continuase para todo o longo do novo ano 2016).



Eu, xunto co meu fillo Samuel e varios amig@s máis, son unha recén chegada ó Coro (incorporámonos en setembro) e isto para nós era simplemente iniciar unha aventura máis, pero teño que dicir, en representación de todos nós, que a día de hoxe estamos encantadísimos de estar con vós e facédesnos sentir coma na nosa propia casa.

GRACIÑAS a todos, compañeir@s 

Carmen Santiago.

Colaboración con Cáritas San Cristovo das Viñas.

O día 13 de decembro celebrouse o primeiro festival de San Cristovo das Viñas na igrexa de San Luís Gonzaga da Coruña (en favor dos máis necesitados) e como non podía ser doutro xeito, participaron o Coro e a Rondalla de TANXEDOIRA.

Temos entendido que o aforo da Igrexa chegaba a 400 persoas, de entre as cales se recaudaron un total de 900 euros gracias a un sorteo de rifas moi divertido.

Os grupos participantes eramos; Tanxedoira, Cantareiros de Naval, Gaiteiros de Betanzos, O mago Xoan e tamén dous nenos que fixeron unha demostración de que a arte lévase nas veas dende o berce, chamábanse Jonathan e Ainara.



Actuación na igrexa de San Luís Gonzaga.

O sorteo estivo formado por máis de 70 agasallos e ademais unha estupenda Cesta de Nadal, valorada en 150 euros. A verdade é que pensei que este acto, nun principio, ía ser máis curto, pero con tanta actuación e tanto sorteo de rifas resultou unha tarde moi amena para todos nós.

Penso que nestas datas e, en todas en xeral ó longo do ano, o poder axudar a outras persoas dalgunha maneira, no noso caso cantando, é algo moi gratifi-

cante, que nos fai algo máis xenerosos, sobre todo tendo en conta que hoxe en día vivimos nun mundo no que, ás veces, sobra egoísmo e intolerancia.

O artífice de todo isto: Maxi, un bo compañeiro noso. Ti déchesnos as grazas a todos nós por participar neste acto, pero estás confundido, somos nós os que che damos as grazas a ti. Foi todo un pracer!

Sonia Rodríguez.

Concurso Postais de Nadal.

Os gañadores do citado concurso 2015, foron os seguintes socios:

Categoría infantil: Sofía Amor Manteiga.
Categoría adulto: Juan Corral y Vega.

sendo os seus respectivos traballos os seguintes:



Parabéns aos gañadores. Faise chegar tamén o noso agradecemento a todos os participantes!

A.C. Tanxedoira.

Festival de Nadal.

O pasado sábado 19 de decembro celebrouse o festival de Nadal, coa colaboración das encantadoras presentadoras, Sara Conde e Sara Silvestre. O local rexistrou un cheo absoluto, e iso que o Centro Cívico de Novo Mesoiro non é nada pequeno.

A primeira actuación da que desfrutamos foi a do Coro da Asociación, dirixido sempre con mestría por David Loureiro. Foi a mellor maneira de quentar ó pú-

blico, xa que aplaudimos con forza despois de escoitar as pezas que nos cantaron. Vaia voces!

De seguido desfrutamos da magnífica actuación do grupo de frautas, que tamén levaron a súa boa tanda de aplausos. A continuación tocoulle o turno á representación teatral, subindo ó escenario Puri Seoane, interpretando un simpático monólogo sobre o que acontece nas ceas e nos bailes de fin de ano; qué risas botamos!

Despois foi a quenda dos alumnos de guitarra, dirixidos conxuntamente polos profesores Leti, Javier e Santi. Non hai dúbida de que son moi bos profesores, pero sobre todo... Canta paciencia teñen con nós!



Actuación dos alumnos de guitarra no C.C. Mesoiro.

O público aplaudiu moito, e incluso pediu “outra...outra..”, así que ánimo e a ensaiar para ter máis repertorio na próxima actuación!

Por último, tivemos a impresionante actuación da Rondalla, dirixida tamén por David Loureiro. Interpretaron varias fermosas pezas e responderon con alegría ás peticións dos bises ante a insistencia do público.

Igual que nos festivais anteriores celebrados nestas datas de Nadal, procedeuse á entrega de premios do concurso de postais que este ano foron para Juan Corral y Vega, na categoría de adultos e novamente para Sofía Amor, na categoría infantil.

Celebrouse tamén o sorteo dunha magnífica cesta de Nadal entre aqueles asistentes que adquiriron unha rifa no acceso ó Salón de Actos. Noraboa ó gañador!

Xa por último, agradecer ó noso querido Santa Claus que deixara por un momento o seu fermoso

traballo preparando os xoguetes para os nenos, e que viñera a visitarnos, coa súa barba branquiña e cun amplo sorriso. 😊 Esperamos volveite ver nestas datas o próximo Nadal... e tamén a todos vós! 📌

Concerto de Nadal en Ordes.

Chary Castillo.

Festa en Ordes! No día de hoxe ,reunímonos con gran ledicia e máis expectativa camiño da actuación. Ás cinco da tarde partimos todos no bus con un bo acompañamento musical máis os sorrisos e conversas desta gran familia. Chegada a hora presentaron o seu repertorio o coro de Ordes, deleitándonos coas súas voces e as súas pandeiretas . A continuación, chegou a presentación de Tanxedoira. Un moi bo detalle dos presentadores foi recalcar o espírito de dito grupo que é nada máis e nada menos que compartir a cultura galega e a súa música.

Chocolatada.

Como cada ano por estas datas, non podía faltar unha CHOCOLATADA para reunir a todos os de Tanxedoira. Este ano celebrouse o 20 de decembro coincidindo coas urnas para elixir presidente en España, un día moi longo. Pero chegaron as 7:30h da tarde e na asociación Tanxedoira a que eu e a miña familia pertencemos fai tres anos e da que nos sentimos moi orgullosos e moi ven acollidos. Alí poidemos desfrutar o resto da tarde moi a gusto como en familia, así me sentín.



Preparando as viandas.

Esta celebración debíase ás festas do Nadal e asistimos bastantes socios. Poidemos desgustar chocolate con churros acompañado dun biscoito en forma de boneco de chocolate e lacasitos caseiro. A festa estivo moi tranquila. Os nenos xogaron e cantaron panxoliñas mentres que os máis maiores charlaron e votaron unhas risas con Gala porque, para rematar a tarde, animáronse a ensinar fotos dende o ano 1989 ata o 2015. Fotos nas que eu e a miña familia saíamos, ata a miña pequerrecha que estivo moi arroupada por todos. Da gusto ver a toda a xente reunida e pasar unha tarde tan agradable. Síntome orgullosa de pertencer a esta asociación e espero facer máis xuntanzas como esta. Moitas grazas e ata a próxima! 📌

Mónica López.



Participantes de Tanxedoira no Concerto de Ordes.

O público brindoulles un gran aplauso. Logo duns minutos tocoulle o turno á nosa rondalla deleitándonos, como sempre nos teñen acostumbrados, cos acordes das súas guitarras, frutas, pandeiretas, bandurras e os instrumentos de percusión. O director da mesma, despediuse desexando a todos os presentes unhas felices festas. O público animou coas palmas e un gran aplauso final. Para rematar o concerto, pecharon o espectáculo coa Banda Musical e a Coral Polifónica de Ordes. 📌

María José Rodríguez.

Actuacións ante colectivos sensibles.

Coa chegada das Festas de Nadal, Tanxedoira volveu demostrar o seu compromiso con determinados colectivos que, polas súas circunstan-

cias particulares, agradecen a calor e a alegría que emanan da nosa Asociación. Para iso, e a pesar de tanta festividade e de ser período vacacional nos colexios, moitos asociados non escatimaron o pouco tempo dispoñible para brindar un momento especial a eses colectivos, que sempre nos reciben con gran entusiasmo e agarimo, que é o noso mellor premio.



Tanxedoira no Centro Santiago Apóstol.

A nosa colaboración consistiu en actuar con grupos de voces e guitarras, en diversas datas, nas seguintes entidades: Fundación ADCOR, Centro SANTIAGO APÓSTOL e nas Residencias de Maiores TORRENTE BALLESTER, SANITAS e a da residencia da Xunta, ubicada en OLEIROS

José Luis Ponte.

/ A destacar.../

Axenda

14 de Febrerío.



ENTROIDO.- Laconada. Menú: Cocido, filloas, bebidas e café. Lugar: Centro Sociocomunitario Barrio das Flores. Horario: 14:30 horas.

Prezos: 15 € adultos e 8 € menores de 10 anos.

Apuntádevos no noso local ata o día 7 de febrerío.

!!!FUNDAMENTAL!!! Se queredes traede os vosos disfraces.

23 de abril.

FESTIVAL 38º ANIVERSARIO. Desenvolverase no Centro Cívico dos Mallos, coa participación de grupos convidados por confirmar, así como o coro, rondalla e outros grupos de Tanxedoira.

Hora: 17:30. Entrada gratuíta.

/ Non perdas.../

Galería Tanxedoira.

A nosa web conta cunha nova sección de Galería na que podedes consultar: fotos, arquivos multimedia e recortes de prensa, mais para que este servizo estea aínda máis completo, invitamosvos a que colaboredes adxuntando as fotos que teñades dos eventos aos que asistades. Así, entre todos, conseguiremos que o noso arquivo web sexa o máis completo posible, ofrecendo un abano de visións diversas do que tod@s poderemos participar. Para máis info. consultade a nosa web na sección "Galería". Grazas pola vosa colaboración.

III Certame de fotografía Fernando Pombo.

Ponse en marcha a terceira edición do Certame Fernando Pombo de fotografía, con dous obxectivos; 1) honrar a un dos socios fundadores da Asociación, e gran afeccionado á fotografía e, 2) animar a os nosos asociados -pequenos e maiores- a participar nun evento que satisfai tanto a aqueles que concursan como aos que gozan da contemplación das obras presentadas.

A temática será a musical, e as bases publicaranse na web www.tanxedoira.org, e no taboleiro da Asociación. Prazo para presentación de obras, do día 14 de febreiro ata o día 2 de maio, a.i.